

Le este texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

A RÍA DE FERROL SEDUCE A ALMODÓVAR

O cineasta manchego visita Ares e Mugardos en busca de localizacións para a súa próxima película.


24 de marzo de 2015. A ría de Ferrol podería protagonizar a próxima película de Pedro Almodóvar. O cineasta manchego visitou onte as localidades coruñesas de Ares e Mugardos en busca de localizacións para o seu próximo traballo, *Silencio*, no que o mar terá un grande protagonismo.

Pedro e o seu irmán Agustín recorren grande parte do centro urbano de Redes e outras zonas de Chanteiro, en Mugardos, en busca dunha casa que simule ser o domicilio do protagonista do seu próximo filme.

Durante o seu percorrido, Pedro Almodóvar non pasou desapercibido. Foron moitos os cidadáns que recoñeceron o oscarizado cineasta e quixeron facerse unha fotografía con el.

Polo momento, pouco trascendeu sobre o novo traballo de Almodóvar tras *Amanentes pasaxeiros*. O propio cineasta recoñecía a principios de xaneiro que se tratará dun drama «que golpeará» o espectador e un regreso ao «cine de mulleres, de grandes protagonistas femininas». A rodaxe da película está previsto que comece o próximo mes de abril.

Pero Galicia non é a única zona que lle interesa ao cineasta. Antes de visitar Ares, o director recorreu varias zonas da provincia de Huelva en busca de localizacións.



<http://www.farodevigo.es/vida-y-estilo/gente/2015/03/24/ria-ferrol-cautiva-almodovar/1207504.html> (trad. e adapt.)

1 Explica o significado do título coas túas palabras.

.....
.....

2 Busca no texto un sinónimo de:

director de cine:

película:

3 En que provincia están as localidades que visitou Almodóvar?

.....
.....

4 Quen o acompañou nestas visitas?

.....
.....

5 Como se chamará a súa próxima película?

.....
.....

- Cal é o título da anterior?

.....
.....

6 Cando comenzará a gravación?

.....
.....

7 De que xénero será o seu novo filme?

.....
.....

Investiga un pouco máis. Busca información sobre Pedro Almodóvar na Galipedia e anota o que resulte más interesante.

.....
.....
.....
.....
.....

Le este texto e, despois, responde as preguntas:

Acto I

Escena I

A escena desenvólvese no estudo do doutor Amorodo, unha sala ateigada de cachifallos variados, coma un grande almacén de cousas inútiles que foron acumulándose ao chou ao longo dunha cumprida existencia de traballo e investigación. En primeiro plano atopamos unha mesa chea de frascos, tubos de ensaio, probetas e atrís que terman de voluminosos libros abertos. Sobre a mesa tamén hai unha repisa cun coxín de veludo vermello enriba do cal está o sapo Casimiro a durmir unha apracible e interminable soneca. Cabo del, o doutor Amorodo revisa coa axuda dunha enorme lupa as páxinas dun interesante códice miniado* á procura dunha información que parece non dar atopado.

Xosé A. Neira Cruz: *Sopa de xarope de amora*, Edicións Xerais e Xunta de Galicia.

miniado: feito miniatura.

1 Escribe un sinónimo de soneca.

.....
2 Cal é a profesión de Amorodo?

.....
.....

3 En que espazo sucede esta escena?

.....
.....

4 Ese lugar está ordenado?

.....
.....

- Subliña a parte do texto que fai referencia a iso.

5 Escribe todos os obxectos que se citan.

.....
.....

6 Por que necesita unha lupa?

.....
.....